



ALGO ENTRE NÓS

CARTAFOL DO PROGRAMA





Contidos

Atalaia Social e Arabías S.Coop.Galega

Deseño e maquetaxe

Redeiras.net

Impulsa e financia

Secretaría Xeral de Igualdade. Consellería de Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia.

Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Financiado con cargo ao crédito recibido do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

PRESENTACIÓN



QUE É?

AlgoEntreNós é unha plataforma interactiva que alberga recursos e materiais centrados na prevención da violencia machista no contexto das relacións afectivas heterosexuais de adolescentes.

Trátase dun programa que facilita que o profesorado de secundaria dinamice cinco sesións de aula onde o alumnado terá que superar cinco retos.

PARA QUE?

O obxectivo deste programa é dobre.

- ▶ Por unha banda, dotar o profesorado de recursos e materiais centrados na prevención da violencia machista no contexto das relacións afectivas heterosexuais.
- ▶ Por outra, lograr que o alumnado reflexione sobre o botrato como alternativa para ter relacións libres de violencia machista.

PARA QUEN?

AlgoEntreNós está deseñado para traballar nas aulas de 1.º e 2.º da ESO.

Os materiais, recursos e actividades están adaptados para traballar na realidade do alumnado de entre 12 e 14 anos.



POR QUE?

AlgoEntreNós é unha iniciativa que encaixa no marco da planificación das políticas de igualdade da Xunta de Galicia; tanto no Plan Estratéxico Autonómico, como na folla de ruta que fixa as actuacións nos centros educativos:

VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

Obxectivo Específico 1.1. Avanzar nun modelo educativo baseado na coeducación

*2.1.1.4 Ampliación da oferta e fomento do uso efectivo dos **materiais didácticos** dispoñibles nos centros educativos sobre igualdade de xénero, **violencia de xénero e educación afectiva sexual**.*

I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

Eixo 6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia etc.).

*6.1. Elaboración de **programas educativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais** co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.*

COMO?

Propoñeráselles aos grupos-clase participantes unha viaxe que se dividirá en cinco etapas, que terán lugar na plataforma web do programa e, sobre todo, na aula a través de cinco sesións.

En cada unha das etapas, deberán ir superando os diferentes retos que lles propoñemos. Estes retos farán que repensen algunhas vivencias persoais e reflexionen sobre as relacións afectivas.

Para poder desenvolver as cinco etapas-sesións e guiar o grupo-clase a través delas, o profesorado contará co apoio de guías didácticas, materiais de traballo e actividades/retos para que o alumnado complete na propia aula. Así mesmo, será acompañado en todo o proceso por un equipo profesional.



ALGOENTRENÓS EN 4 PASOS

[1] O REXISTRO

Unha vez recibido o e-mail de benvinda, poderás rexistrarte na páxina web.

Para facelo, accede á web <https://algoentrenos.gal/> e nela, clica no apartado Accede/Inscribirse que encontrarás no menú do web.



Para realizar o teu rexistro tes que cumprimentar un formulario no que indicarás:

- ▶ Datos de acceso: nome de acceso, e-mail, contrasinal.
- ▶ Datos do profesorado: nome, apelidos, teléfono de contacto.
- ▶ Datos do centro: centro educativo, enderezo, cidade, CP, provincia.
- ▶ Datos e grupo-aula: curso, grupo, n.º de alumnado por identidade de xénero.

[2] O ACCESO

Unha vez realizado e validado o rexistro, poderás acceder á parte privada do web empregando a túa clave de usuaria e o contrasinal.

Unha vez dentro, convidámoste a coñecer a plataforma, onde atoparás os seguintes apartados:





Como podes comprobar, **os apartados INICIO e O PROGRAMA son os mesmos a que podes acceder na parte pública** e conteñen a mesma información.

Ademais deses apartados, terás tamén os seguintes:

COMO FUNCIONA

Neste apartado **explicámosche a mecánica do programa** para que poidas levalo á realidade co teu grupo-aula.

MATERIAIS:

Neste apartado **atoparás todo o material creado para apoiar a súa posta en funcionamento**. Estes materiais son:

- ▶ KIT DE BENVIDA: terás dispoñibles **todos os documentos que foron enviados no e-mail de benvida** para que poidas consultalos cando o precises.
- ▶ UNIDADES DIDÁCTICAS: **poderás descargar as cinco unidades didácticas do programa que se corresponden coas cinco sesións de aula a realizar**. Estas guías didácticas están adaptadas ao currículo e contan con toda a información necesaria para a súa execución.
- ▶ RECURSOS DE APOIO: ademais do material propio do programa, tamén indicamos **recursos que poden servirche de axuda** se queres profundar máis na materia (*non é necesaria a súa lectura para desenvolver o programa*).

SESIÓNS

Neste apartado **terás todo o necesario para realizar cada unha das sesións na túa aula**. Organízase nunha **parte xenérica**, onde poderás ver o avance no programa, e en **cinco partes específicas**, unha para cada unha das cinco sesións.

Inicialmente, só poderás acceder á sesión 1, o resto das sesións iranse desbloqueando conforme o grupo-aula vaia completando cada un dos retos.

OS MEUS DATOS

Neste apartado poderás ver a información da túa inscrición e terás tamén **acceso á caixa de correo**, a través da cal poderás enviarnos mensaxes de maneira directa co obxectivo de facilitarche a realización do programa.

[3] A POSTA EN PRÁCTICA

AlgoEntreNós é un programa que se **organiza en cinco etapas que se corresponden con cinco sesións de aula de 50 minutos.**

Cada unha das cinco sesións estrutúrase en torno a **un reto ao cal o alumnado deberá dar resposta.**

AS SESIÓNS

As sesións que se realizan son a seguintes:



1

Poñendo caras



2

Iluminando a viaxe



3

Controlando a situación



4

Bailando as emocións



5

Recollendo para viaxar a vida

O MATERIAL

Para poder realizar cada unha das sesións contarás co seguinte material:

- 1 Unha unidade didáctica para cada unha das sesións**, onde che facilitamos a información necesaria para realizar a sesión tanto a nivel teórico como metodolóxico, así como pautas para a súa execución.
- 2 Un vídeo de inicio da sesión para reproducir na aula**, onde lle presentamos ao alumnado o reto que deberá realizar durante a sesión.
- 3 Un documento para cada unha das sesións denominado “Formulario do reto da sesión”** para que cumprimentes durante a sesión e o subas á plataforma. Este documento é un pdf descargable editable, polo que podes cumprimentalo online ou, se prefires, telo descargado na sesión e cumprimentalo a man.

Toda esta información e documentación estará dispoñible no apartado correspondente a cada unha das sesións.



INDICACIONES PARA A EXECUCIÓN

QUE DEBES FACER ANTES DA SESIÓN?

- ▶ Revisa a unidade didáctica da sesión correspondente.
- ▶ Visualiza o vídeo introdutorio da sesión para coñecer o reto que lle lanzamos ao alumnado.
- ▶ Se tes dúbidas sobre a posta en funcionamento da sesión ou sobre calquera elemento da proposta didáctica, contacta co equipo docente a través da caixa de correo da túa conta.

QUE DEBES FACER DURANTE A SESIÓN?

- ▶ Precisas ter a man ordenador e conexión a internet.
- ▶ Diríxete ao apartado da sesión que vas traballar; alí atoparás toda a información necesaria.
- ▶ Proxecta o vídeo de presentación da sesión.
- ▶ Coordina, dinamiza e supervisa o traballo arredor do reto.
- ▶ No caso de que a sesión teña un vídeo de peche, proxéctao ao final da sesión (lembra deixar cinco minutos para facelo).
- ▶ Cumprimenta o formulario do reto da sesión (é un documento pdf descargable editable que poderás cumprimentar online ou, se prefires, telo descargado na sesión e cumprimentalo a man).

QUE DEBES FACER PARA REMATAR A SESIÓN?

- ▶ Envía o formulario do reto da sesión a través da plataforma.
- ▶ Unha vez que envíes o formulario, abrirase a información da seguinte sesión e poderás ver no cadro resumo o avance no programa.



[4] O PECHE

Cando finalices a 5.^a e última sesión do programa, deberás cumprimentar un **formulario de avaliación final**. O obxectivo que se persegue é dobre:

- ▶ Por unha banda, obter información valiosa para testar e reformular o programa de acordo coas propostas de mellora que recibamos.
- ▶ Por outra, recoller información sobre o nivel de sensibilización do alumnado sobre a violencia machista.

QUE RECIBES TI?

- ▶ Un informe individualizado de valoración e avaliación para cada grupo-aula, que se lle enviará a cada profesor/a. Este informe realizarase a partir da información que proporcionen o profesorado e o alumnado durante todo o programa.
- ▶ Un informe avaliativo sobre os resultados de todo o programa.

QUE RECIBE O ALUMNADO?

A **“maleta do botrato”** será o resultado que reciba o alumnado como peche do programa. A partir da información que extraíamos das actividades ou retos de todo o programa, elaboraremos un póster dixital onde se resumirán *tips* de botrato para que o alumnado acceda a esta información e reflexione sobre estes aprendizaxes na aula.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BALLESTER, Lluís; ORTE, Carmen e POZO, Rosario (2019). Red Jóvenes e Inclusión. Barcelona: Octaedro. Colección Horizontes-Educación.

BARBÉ I SERRA, Alba; CARRO, Sara; VIDAL, Carles (2014). La construcción de las identidades de género. Actividades para trabajar con jóvenes y adolescentes. Madrid: Catarata.

BOURDIEU, Pierre (2000). La dominación masculina. Barcelona: Anagrama.

DE LA PEÑA, Eva; RAMOS, Esther; LUZÓN, José María e RECIO, Patricia (2011). Andalucía Detecta: Sexismo y Violencia de Género en la Juventud. Andalucía. Instituto Andaluz de la Mujer.

GARCÍA MARÍN, Jorge (2019). Papá, por que non pintas as unllas de cores? Educando (construíndo) masculinidades disidentes. Vigo: Editorial Galaxia.

LAGARDE, Marcela (2011). Los cautiverios de las mujeres: madresposas, monjas, putas, presas y locas. Madrid: Horas y Horas.

MERELAS, Tania (2018). Estudio das violencias machistas na adolescencia temperá. Santiago de Compostela.

MORALES, Nicolás (2019). La pornografía y la falta de educación sexual crean agresores sexuales adolescentes. Disponible en: <https://www.losreplicantes.com/articulos/pornografia-falta-educacion-sexual-agresores-sexuales-adolescentes/> [Última revisión: 18 de marzo de 2021].

HERNÁNDEZ MORALES, Graciela (2005). "La presencia de los cuerpos sexuados en las aulas". En Instituto de la Mujer (Ed.), Tomar en serio a las niñas. Serie de Cuadernos de Educación no Sexista, n.º 17 (pp. 11-38). Madrid: Instituto de la Mujer.

HERRERA, Coral (2019). Hombres que ya no hacen sufrir por amor: Transformando las masculinidades. Madrid: Editorial Catarata.



RECIO, Patricia CUADRADO, Isabel e RAMOS, Esther (2007). "Propiedades psicométricas de la Escala de Detección de Sexismo en Adolescentes (DSA)". *Psicothema*, 19 (3), pp. 522-528.

RECIO, Patricia; CUADRADO, Isabel e RAMOS, Esther (2011). Proyecto de Investigación DETECTA sobre "Sexismo y Violencia de Género en la juventud andaluza e Impacto de su exposición en menores". Instituto Andaluz de la Mujer. Consejería para la Igualdad y Bienestar Social. Junta de Andalucía.

RUIZ REPULLO, Carmen (2017). La violencia sexual en adolescentes de Granada. Ayuntamiento de Granada.

SANZ, Fina (1995). Los vínculos amorosos: Amar desde la identidad en la Terapia de Reencuentro. Barcelona: Kairós.

SANZ, Fina (2016). El buentrato como proyecto de vida. Barcelona: Kairós.

SUBIRATS, Marina e TOMÉ, Amparo (2007). Balones fuera. Reconstruir los espacios desde la coeducación. Barcelona: Octaedro.

URROZOLA, Maria José (1999). Educación de las relaciones afectivas y sexuales desde la filosofía coeducadora. Bilbao: Maite Canal Editora.

WALKER, Lenore (1979). *The battered women*. New York: Harper & Row.

OUTRAS REFERENCIAS RECOMENDADAS

ALTABLE, Charo (2010). Los senderos de Ariadna. Transformar las relaciones mediante la coeducación emocional. Granada: Editorial Octaedro Andalucía.

FERREIRO, Lola (coord.) (2008). Coeducación afectivo-sexual. Xunta de Galicia.

FUMERO, Kika; MORENO, Marian e RUIZ, Carmen (2016). Escuelas libres de violencias machistas. Colecció Estudis de Violencia de Gènere. Illes Balears.

HERRERA, Coral (2011). La construcción sociocultural del amor romántico. Madrid: Fundamentos.

LIENAS, Gemma (2008). El diario violeta de Carlota. Barcelona: El Aleph Editores.

MARAÑÓN, Iria (2018). Educar en el feminismo. Barcelona: Plataforma Editorial.



MARAZÓN, Iria (2020). Educar a un niño en el feminismo. Educación más justa y feminista. Barcelona: Plataforma Editorial.

MARROQUÍ, Marina (2017). Eso no es amor: 30 retos para trabajar la igualdad. Barcelona: Editorial Planeta.

NGOZI ADICHIE, Chimamanda (2017). Querida Ijeawele. Cómo educar en el feminismo. Barcelona: Penguin Random House.

SÁNCHEZ, Mercedes; PENNA, Melani e DE LA ROSA, Belén (2016). Somos como somos. Deconstruyendo y transformando la escuela. Madrid: Catarata.

SIMÓN, María Elena (2011). Igualdad también se aprende. Cuestión de coeducación. Madrid: Narcea.

SUBIRATS, Marina (2016). Coeducación, apuesta por la libertad. Barcelona: Octaedro Editorial.

VV. AA. (2011). GALEDUSO, n.º 9. Educación Social e Igualdade. Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.